

# Unidade didáctica de Secundaria e Bacharelato



*As manifestacións da inxustiza refírense tanto á opresión, é dicir, ás relacións que impiden a expresión plena das capacidades dunha persoa ou grupo, como á dominación, ou sexa, a aquelas relacións que impiden a participación plena dunha persoa ou grupo na vida social ou nas decisións”*

**Iris Marion Young**

## ACTIVIDADES DE SECUNDARIA E BACHARELATO

### OBXECTIVOS:


- Promover o desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas, a súa autonomía e liberdade persoal, revisando en profundidade os mecanismos de perpetuación dos roles e estereotipos masculinos e femininos nos ámbitos persoal, familiar, social e profesional.
- Recoñecer que aínda existe un problema de desigualdade entre homes e mulleres que inflúe na orientación académica e profesional.
- Ofrecer aos alumnos e alumnas unha orientación académica e profesional non estereotipada e sen limitacións nin discriminacións sexuais nin sociais.
- Potenciar a visibilización das nenas na aula, nos órganos de representación do centro educativo, a construción equitativa de espazos educativos.
- Promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da vida, como o doméstico e o emprego, para que sexan máis responsábeis, autónomos e independentes.
- Utilizar libros de texto e materiais didácticos e curriculares que promovan un trato equitativos entre mulleres e homes.
- Incorporar os saberes e achegas das mulleres ao longo da historia, con especial incidencia en mulleres científicas e que romperon os esquemas que lles impuña a sociedade do momento.
- Potenciar os modelos positivos de mulleres e homes que realizan opcións profesionais non tradicionais.
- Propiciar a análise crítica da desigualdade de distribución de mulleres e homes nos ensino secundario, formación profesional e universitaria.



## Actividade 1

A participación das mulleres en numerosos deportes estivo sancionada socialmente ou directamente prohibida en maior ou menor grao ao longo da historia. Aínda hoxe en día, na que en todos os ámbitos deportivos hai mulleres deportistas de elite, a sección de deportes de todos os periódicos e telexornais dedican moi pouco espazo a visibilizar a práctica deportiva feminina. Busca fotos en internet de mulleres deportistas e realiza un mural para colgar nos corredores ou nas aulas e tentar paliar así esta discriminación que sofren as mulleres deportistas e que ten repercusións tamén sobre a imaxe de todas as demais mulleres.

- Busca mulleres que practiquen triatlón, atletismo, natación, tiro con arco, baloncesto, tenis, hockey, piragüismo, vela, taekwondo, judo, balonmán, ciclismo, tiro olímpico, remo..
- Pescuda que deportes realizan as compañeiras do teu instituto, e realiza entrevistas a aquelas compañeiras que compiten en diversas categorías xuvenis.
- O 21 de Xuño de 2006, o pleno do Senado aprobou unha moción que instaba a potenciar a retransmisión de eventos deportivos femininos para dar unha cobertura equilibrada do deporte feminino e masculino. Como poderás observar, as cousas non melloraron moito neste sentido..Escribe e envía unha carta aos periódicos demandando a posta en práctica de medidas a este respecto.



## Actividade 2.

Preguntade a toda a clase que profesión desexa exercer na vida adulta. Escribe en distintas columnas as respostas dadas polas alumnas e polos alumnos. Analizade se existe algún “nesgo de xénero” nas escollas realizadas. Valora que profesións están ligadas a papeis tradicionalmente desenvolvidos por mulleres no ámbito privado e cales gozan de maior prestixio social. Coidas que se perpetúan os roles masculino e feminino? Debatede sobre os valores e as achegas tanto á sociedade como ao desenvolvemento individual de cada unha das profesións. Que cualidades se precisan para exercer unhas e outras? Parécenvos todas igualmente valiosas? Pensades que a sociedade as valora todas en igual medida? Poderías facer unha lista con esas cualidades atribuíndolles un carácter masculino ou feminino? Valora que cualidades son desexábeis en toda persoa adulta, independentemente do seu sexo. Aparece unha distribución equilibrada de valores “femininos” e “masculinos”?



### Actividade 3

Analiza a seguinte táboa cos datos sobre a Taxa de ocupación, actividade e paro en España desde o ano 2001. Compara a táboa de ambos sexos coas táboas desagregadas por sexos. Consideras relevante que se separe por sexos a información? En que outros temas coidas que sería importante desagregar os datos?

Como podes observar, o paro afecta en maior medida

a mulleres do que a homes. Busca información na prensa sobre o paro, e analiza o espazo dedicado a visibilizar mulleres paradas, ou simplemente a informar sobre como afecta de xeito desigual a homes e a mulleres. Compara a cobertura mediática da incidencia do paro sobre as mulleres coa cobertura mediática sobre as mulleres deportistas. Por que pensas que o argumento numérico, o da cobertura mediática en función da representatividade, se emprega de xeito distinto segundo o tema que sexa, favorecendo sempre aos varóns?

#### Nova Metodoloxía: EPA 2005

		2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	I Trim. 2008	II Trim. 2008	III Trim. 2008	IV Trim. 2008
Ambos sexos	TAXA DE ACTIVIDADE	53,41	54,63	55,91	56,74	57,72	58,58	59,12	59,35	59,76	59,95	60,13
	TAXA DE OCUPACIÓN	47,74	48,29	49,56	50,75	52,70	53,72	54,03	53,63	53,52	53,16	51,77
	TAXA DE PARO	10,63	11,62	11,37	10,56	8,70	8,30	8,60	9,63	10,44	11,33	13,91
Mujeres	TAXA DE ACTIVIDADE	40,96	42,72	44,47	45,79	46,95	48,56	49,37	49,73	50,25	50,46	51,38
	TAXA DE OCUPACIÓN	34,71	35,79	37,54	39,13	41,50	43,05	43,94	43,77	44,08	44,07	43,6
	TAXA DE PARO	15,25	16,22	15,60	14,55	11,61	11,36	11,00	11,99	12,28	12,66	15,14
Hombres	TAXA DE ACTIVIDADE	66,55	67,16	67,92	68,19	68,95	69,00	69,23	69,32	69,64	69,81	69,21
	TAXA DE OCUPACIÓN	61,47	61,42	62,17	62,90	64,37	64,81	64,51	63,87	63,32	62,60	60,24
	TAXA DE PARO	7,62	8,54	8,46	7,76	6,64	6,06	6,83	7,87	9,07	10,32	12,96

Fonte: Elaboración propia

Poboación Activa, INE

Nota: A partir do 1º trimestre de 2002, e con carácter retroactivo desde o 1º trimestre de 2001, o INE cambia a metodoloxía da EPA.

Os datos desta táboa están recalculados, pero só se inclúe a nova definición de parada a partir do 1º trimestre de 2001.

### Actividade 4

Le o seguinte texto, extraído do limiar do Proxecto Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2008-2011) aprobado en decembro de 2007, e reflexiona sobre as cuestións propostas a continuación.

“As mulleres que traballan remuneradamente xa non son a excepción, senón a regra, e o excepcional serán, cada vez máis, as familias cun único preceptor de renda. España atópase nesta situación con, até a data, moi poucas políticas de apoio: foron as avoas, o traballo doméstico das mulleres inmigrantes e a dobre xornada de moitas mulleres as que permitiron manter o esquema tradicional. Pero esta estrutura fai augas por todos lados e aparecen disfuncións de sobra coñecidas, como a baixa taxa de natalidade ou as persoas maiores que ninguén pode atender. Para solucionalo alúdese, xeralmente, ás chamadas políticas de conciliación. Unha delas é que as mulleres se concilien consigo mesmas, que sigan asumindo a responsabilidade do coidado familiar, favorecendo que, ademais, teñan un emprego a tempo parcial ou temporal. Outro modelo de conciliación é o recurso á man de obra feminina asalariada por parte daquelas que o poidan pagar. En ningún dos dous casos teñen porque alterarse os papeis tradicionais dentro da familia, nin cambiar a forma de traballo nas empresas. Todo o máis, hai que reforzar e favorecer os permisos e as excedencias que utilizan as mulleres para coidar á familia e o resto de estruturas. Pero non se trata diso. Trátase de contar coa realidade e a realidade de España é a que rematamos de describir: máis familias con dous perceptores de soldo e un potencial de formación investido en mulleres que hai que aproveitar. Trátase de que a conciliación sexa facer compatíbel ter familia e ter traballo para ambos os dous sexos. Isto é, que homes e mulleres poidan conciliar porque compartan os espazos e os tempos, especialmente os familiares, que implican atención a fillos ou a maiores, desde a corresponsabilidade. E unha aposta máis cobizosa aínda, que haxa tempo persoal para ambos os dous. Para isto teñen que entrar no xogo, por suposto homes e mulleres, pero, tamén, as empresas e o Estado.”

#### Propostas

-Valora, en termos de calidade de vida e de dereitos das mulleres, as tres formas de “resolver” o problema da conciliación da vida laboral e familiar, que ata agora, se vén empregando en España.

- Discute as vantaxes e os inconvenientes do traballo a tempo parcial ou temporal para as mulleres como forma de resolver os problemas de conciliación. Que cambios introducirías na sociedade para que esta non fose a única alternativa para moitas mulleres? Infórmate sobre esta realidade en numerosos países europeos coas taxas de emprego feminino máis elevadas. Que consecuencias ten na independencia das mulleres o feito de teren soldos reducidos e pensións misérrimas?

- O termo “conciliación” empregado nun principio como xeito de demandar unha necesidade vital na nosa sociedade, está sendo substituído polo de

“corresponsabilidade”, xa que na práctica, e aínda sendo promovida con políticas públicas, as que concilian a vida familiar e laboral son as mulleres. Analiza os cambios que se deben dar nas relacións de parellas heterosexuais, especialmente por parte dos homes, para que a corresponsabilidade chegue a ser unha realidade. Valora tamén todos os cambios que deben introducirse no ámbito público, e especialmente no mercado laboral.

## Actividade 5

Le a seguinte entrevista coa socióloga encargada de dous proxectos de formación profesional para mozas en Alemaña, encamiñados a favorecer a inclusión das mulleres en profesións "masculinas". Reflexiona sobre as cuestións propostas a seguir e sobre outras que che resulten de interese da entrevista, titulada "Sen medo á técnica". Annemarie Cordes fala dos obstáculos que as mulleres atopan nas profesións atípicas:

*Naturalmente hai mulleres aprendices nas obras ou nos talleres mecánicos e mulleres arquitecto, enxeñeiro ou científico. Pero son mo poucas de todos modos. Nas profesións manuais só un 5% dos traballadores son mulleres, incluídas as perruqueiras. A porcentaxe de estudantes universitarias nas facultades de Física, Informática, Electrotécnica e Técnica da Información é de aproximadamente un 10%. Non é un balance estimulante se temos en conta os numerosos proxectos sobre "Mulleres e profesións masculinas" que foron financiados con fondos públicos. Talvez as mulleres e as rapazas non teñen suficiente confianza en si mesmas? Teñen dificultades á hora de conseguir un posto de aprendiz? Non logran integrarse nas estruturas masculinas dominantes nas empresas? Gea falou disto coa socióloga Annemarie Cordes, encargada da asistencia técnica de dous proxectos de formación profesional para rapazas: "Land in Sicht" para a formación de armadoras e "StrOHMerin", para electricistas.*

**GEA:** Motivar ás rapazas e ás mulleres para que se decidan por un traballo manual ou técnico non deu ata agora resultados satisfactorios. Os intentos realizados para facilitar o acceso das mulleres ás profesións tipicamente masculinas deron algún resultado concreto?

**Annemarie Cordes:** En primeiro lugar quero aclarar que a min o concepto "Mulleres nas profesións masculinas" nunca me gustou. As rapazas que escollen unha profesión manual ou técnica non teñen intención de "masculinizarse". Ademais, a campaña que levaba este nome, que se realizou en Alemaña hai algún tempo, deu ás mulleres a sensación de non estar á altura e de necesitar algún tipo de apoio ou axuda. Por iso non produciu os efectos desexados nin nas mulleres nin nas empresas. De todos modos, nos últimos anos a situación mudou. Por un lado, actualmente existe un potencial de mulleres, arredor do 10-20%, que demostra ter interese polas profesións técnicas. Por outro lado, os perfís profesionais

nas profesións manuais e técnicas están a cambiar. Ademais, os aspectos ligados ao sexo, como por exemplo a resistencia física, xa non xogan un papel determinante.

**GEA:** A pesar de iso, as empresas que estarían dispostas a contratar ás mulleres, queixanse de que non reciben moitas solicitudes por parte destas  
**Annemarie Cordes:** Non abonda con incluír ás mulleres nas ofertas de traballo. Sería necesario tamén especificar claramente que realmente serán ben recibidos os curriculums das mulleres e das mozas. Isto é o que me confirmaron as rapazas do proxecto "StrOHMerin", que á pregunta sobre o motivo que as levava a responder ao anuncio para o curso de electricistas, responderon: "porque se dicía claramente que o proxecto era para rapazas". Ademais, "as empresas que teñen a intención de contratar a mulleres no sector técnico e manual son aínda unha excepción".

**GEA:** Estame a dicir que ás mulleres e ás rapazas gustaríalles aprender profesións "atípicas" pero que non se lles dá a posibilidade?

**Annemarie Cordes:** En todo caso, o medo á técnica xa non é o obstáculo principal. A barreira principal, na miña opinión, é que as mulleres pensan que teñen moi poucas oportunidades no mundo laboral. Mesmo os asesores das oficinas de emprego tenden a desaconsellar ás rapazas as profesións técnicas e manuais.

**GEA:** Xa que logo, o maior obstáculo son as empresas?

**Annemarie Cordes:** Na miña opinión, si. A estrutura da empresa practicamente non mudou e as mulleres teñen dificultades para soportar o ambiente característico destas profesións dominadas polos homes.

**GEA:** De todos modos, a experiencia das rapazas do proxecto StrOHMerin durante as súas prácticas empresariais foi moi positiva. Estas formas mistas de formación na empresa e na aula poderían contribuír talvez a eliminar prexuízos e temores?

**Annemarie Cordes:** Coido que si. Eu, en efecto, estou a favor da inclusión da aprendizaxe na empresa nos proxectos de formación. A porcentaxe ideal sería do 50:50%. Deste modo, as rapazas poderían facerse unha idea máis clara da vida laboral cotiá e as empresas poderían acumular experiencias de traballo con mulleres e rapazas.

**GEA:** A maior parte das rapazas do proxecto "StrOHMerin" están moi motivadas e non dan tanta importancia ao feito de estaren a aprender unha profesión "atípica".

**Annemarie Cordes:** En efecto, queren ser tratadas dun xeito normal. O temor inicial que lles inspiraban a maquinaria e a corrente eléctrica deu paso ao desexo de querer chegar a ser boas electricistas. Agora identifícanse coa súa futura profesión e están orgullosas

**GEA:** Isto é válido para todas?

**Annemarie Cordes:** Segundo o que eu puiden observar hai tres modelos profesionais: hai rapazas que teñen problemas para aceptar este papel tan pouco usual. Trátase de todos modos de excepcións. A maior parte, porén, non quere mostrarse ou ser considerada como algo especial. Por outra banda, elas achegáronse a unha profesión manual empurradas polo interese persoal, están contentas de a exercer e está demostrado que son tan boas como os seus colegas de sexo masculino.

### Propostas:

A que pensas que fai referencia o termo "profesións masculinas": a aquelas que só poden desenvolver os varóns ou a aquelas que son desempeñadas maioritariamente por eles? Que profesións considerarías "masculinas"?  
- Hai algunha profesión "masculina" que che gustaría exercer? Que obstáculos e que apoios coidas que encontrarías para poder desempeñala?

- A que che parece que se refire Annemarie cando fala do "ambiente característico destas profesións dominadas polos homes"? Consideras que este "ambiente" funciona como mecanismo para manter ás mulleres fóra da profesión? Que medidas promoverías para apoiar ás mulleres pioneiras nestas profesións?

Pescuda que proxectos hai en Galicia para promover a inclusión de mulleres en profesións "masculinas", e realiza unha entrevista a algunha das participantes para contrastar a situación descrita en Alemaña coa doutras mulleres máis próximas a ti.

## Actividade 6

Le a seguinte noticia aparecida no xornal *El Mundo*, o 9 de marzo do 2008, e reflexiona sobre as cuestións que se propoñen a continuación.

### DISCRIMINACIÓN NO LABORATORIO

#### Fendas no 'teito de cristal' das científicas españolas. Os tribunais paritarios melloran lentamente a posición das mulleres

ROSA M. TRISTÁN

MADRID.- «Podes crer que aínda hai laboratorios onde sempre ten que lavar as probetas unha bolseira, e nunca un dos seus compañeiros?», afirma unha prestixiosa científica española. «Pois é así. Tremendo». O exemplo é só unha pincelada máis no panorama que aínda se respira no mundo da investigación, unha paisaxe neuronal de alto nivel que non se escapa da discriminación.

O famoso 'teito de cristal' ou o chamado 'efecto tesoir' co que se tropezan as mulleres nos intersticios da ciencia non son unha ilusión, como algunhas lembran ao fío da celebración do Día Internacional da Muller.

Abonda sinalar que dos 36 galardoados co Premio Nacional da Ciencia só unha é muller, a socióloga María Ángeles Durán, ou que dos 43 Premios Príncipe de Asturias de Ciencia e Tecnoloxía, en 27 longos anos, unicamente Jane Goodall, británica, tivo esa honra.

Non menos sorprendente resulta descubrir que en España non hai unha soa catedrática nin de Xinecoloxía e Obstetricia nin de Pediatría, dúas áreas bastante relacionadas coas femias. Ou que as mulleres, en 2005, foron case o 40% das solicitantes de contratos do programa Ramón y Cajal, mais só conseguiron o 30%. E aínda máis: hai só unhas semanas, unha comisión de avaliación integrada por sete persoas, nomeou como secretaria á única muller presente na devandita comisión, e non ao membro de menor idade, como debería ser.

"As máis prometedoras das mozas investigadoras españolas deberían ser declaradas especies a protexer", chegou a dicir Eulalia Pérez Sedeño, directora da FECYT, ademais de catedrática de Filoloxía e Lóxica da Ciencia.

As causas desta discriminación non son evidentes. "Son situacións sibilinas que supoñen estar alerta continuamente. Os homes dedican moito tempo aos colegas, quédanse moitas horas no laboratorio ou de cañas porque non teñen que ir a casa rápido e tecen así unhas redes informais de comunicación científica que acaben por ser decisivas á hora de escoller membros das comisións de avaliación ou de decidir a quen se recomenda", argumenta Pérez Sedeño. E continúa: "Ademais, ás científicas dálles medo significarse como feministas, protestar por unha situación inxusta, se é que son conscientes dela". "Por outro lado, a ambición valórase nos homes, pero non nas mulleres, e niso a educación ten moito que ver", apunta.

Porén, este 'teito de cristal' comezou a fenderse lentamente, por mor dunha reforma legal de 2005. O 8 de marzo dese ano aprobouse unha normativa na que se especificaba que as comisións e tribunais para avaliar o traballo científico deberían ser paritarias. Curiosamente, na convocatoria de 2007, a porcentaxe de prazas de profesores de investigación obtidas por mulleres aumentou ata o 20%, case catro puntos dunha tacada.

«Algo terá que ver», afirma Paloma López-Sancho, da Comisión Mulleres e Ciencia do CSIC.

Carmen Vea, presidenta da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT), tamén o ten claro: "Antes dicían que éramos poucas nas altas posicións porque había poucas na Universidade e porque levabamos pouco tempo, pero desde fai 20 anos hai máis licenciadas. Xa non serve esa escusa e é unha pena porque se está a perder o 51% da capacidade intelectual do país", denuncia.

Por iso desde AMIT e desde a FECYT e tamén desde a Comisión do CSIC se defende a necesidade de accións compensatorias que equilibren o panorama.

Propoñen medidas como valorar máis os proxectos nos que figura un maior número de mulleres, cambiar o concepto de mobilidade ao estranxeiro durante anos por outro no que as estanzas poidan ser por trimestres ou conciliar de forma máis efectiva a vida persoal e a familiar.

López Sancho menciona que no seu centro de traballo, o Instituto de Ciencias dos Materiais (CSIC), en pleno século XXI só cinco de 74 son profesoras de investigación. "Tamén somos minoría como conferenciantes nos congresos e nos seus comités científicos. Algúns acúsannos de rexeitar os cargos porque temos outra vida detrás, pero eu coñezo químicas moi valiosas que se xubiláron na categoría máis baixa, e solteiras que non logran subir na escala", insiste.



Ana Montero, bolseira por L'Oreal-Unesco e bióloga do CSIC (Foto: L'Oreal)

#### Propostas:

- - Pescuda a que fai referencia a célebre expresión "teito de cristal" acuñada polo Movemento Feminista para denunciar unha das formas de discriminación contra as mulleres máis difícil de detectar. Compáraa coa expresión "chan pegañento", acuñada tamén para denunciar outra forma de discriminación que afecta tamén ás mulleres no mercado laboral.
- Busca información na Unidade de Muller e Ciencia do Ministerio de Ciencia e Innovación ou na web da Consellaría sobre os datos que revelan a existencia dun teito de cristal para as mulleres científicas. Pescuda en que comunidades autónomas hai Unidades de Muller e Ciencia, e fai un cartel cos datos que che resulten máis reveladores, denunciando a discriminación que se dá tamén en espazos como as Universidades Públicas, e non exclusivamente nas empresas privadas.
- Valora o papel das chamadas "redes informais", que se tecen fóra do horario laboral, (de viños, compartindo afeccións...) e que resultan determinantes á hora de que os homes apoien a outros homes (de entre os que comparten ese "terceiro tempo") para promocionaren na súa carreira profesional, e non a outras mulleres, que normalmente non participan nas mesmas redes informais que os seus compañeiros varóns.



## ACTIVIDADE 7

### 7.1. Lectura e comentario de “El diario violeta de Carlota”, de Gemma Lienas (Alba Editorial. Barcelona 2001).

- ¿Que sistema lle explica a avoa a Carlota para saber cando unha situación é discriminatoria para a muller? (páxina 24)
- Marca as características que asocias á muller, ao home ou tanto á unha como ao outro:

Características	Muller	Home
A xusticia		
A competitividade		
A agresividade		
A dureza		
A actividade		
A compasión		
A solidariedade		
A tenrura		
A debilidade		
A pasividade		

Comproba na páxina 117 se a túa elección responde a parámetros tradicionais ou non.

### 7.2. Lectura e comentario de “El diario rojo de Carlota” (Editorial Planeta. Barcelona -2004-)

- ¿Por que nesta obra se considera importante que as rapazas sexan independentes, autónomas? (páxina 303)
- ¿Poden unha muller e un home facer o mesmo? Marca que actividades, segundo ti, poden realizar as mulleres, os homes ou tanto unhas como outros:

Actividade	Muller	Home
Traballar fora da casa		
Ocuparse de nenos/as e persoas enfermas ou maiores		
Casar		
Dirixir unha grande empresa		
Conducir un autobus		

Na páxina 316, encontrarás que é para Carlota ser masculino e ser feminino.

- ¿En que día da semana se xogan as finais de tenis masculino? ¿por que? (páxina 101) ¿Coñeces algún deporte en que sexa máis importante a final feminina que a masculina?
- ¿Podes dar coa solución que se formula no enigma da páxina 59? Se non é así, a encontrarás na páxina 62.

## ACTIVIDADE 8

### Película QUERO SER COMO BECKHAM (2002)

#### Personaxes:


- Jesminder (J) Bhamra e a súa familia.
- Jules, a súa amiga e compañeira de equipo.
- Joe, o seu adestrador.
- Toni, o seu amigo.

#### 8.1. O fútbol feminino:

- 1.1.- Hai equipos de fútbol femininos?, poden as rapazas chegar a ser xogadoras profesionais, igual ca os rapaces?
- 1.2.- Deixan os rapaces que as rapazas participen en partidos de fútbol?, por que? “Os tíos coidan que non sabemos xogar”, di Jules.
- 1.3.- Os comentarios dos rapaces sobre as rapazas que xogan ao fútbol, son como os que manifestan os amigos de J?
- 1.4.- A actitude das rapazas ante o fútbol é parecida á que teñen as amigas de J?
- 1.5.- Son comentados en televisión os partidos de fútbol feminino?, por que?

#### 8.2. Roles sexuais:

- 2.1.- “Ningun rapaz quere saír cunha rapaza que teña máis músculos ca el”, di a nai de Jules, estás de acordo con ela?, por que?
- 2.2.- “Non quero que xogues ao fútbol (...) debes comezar a comportarte como unha muller”, di o pai de J. É o fútbol “cousa de homes”?
- 2.3.- “As rapazas que xogan ao fútbol son unhas marimachos”, segundo a nai de Jules; “todas parecen lesbianas”, comentan a irmá e os amigos de J. Pensas que se seguen a dar este tipo de consideracións? “Por que non podedes velas como deportistas?”, replica Toni ante estes comentarios. “Que leve chándal e xogue ao fútbol non quere dicir que sexa lesbiana”, di Jules, “ademais, ser lesbiana non é nada malo”.



#### 8.3. A relación coa nai e o pai:

- 3.1.- Comenta a actitude da nai e do pai de J ante o feito de que a súa filla xogue ao fútbol. Comenta agora como o ven os pais de Jules. E como reaccionarían túa nai e teu pai se ti quixeses xogar, ou se xa xogas, ao fútbol?
- 3.2.- Joe di que ao seu pai lle cabrearía moito saber que adestra rapazas.
- 3.3.- “O que non saiban (túa nai e teu pai) non lles fará dano”, recoméndalle Toni a J; seguirías esta recomendación? por que? “Vaia mal rollo!”, exclama unha das súas compañeiras de equipo e, ao final, a propia J reconeceralles que “me sentín moi feliz porque non vos estaba a mentir”.
- 3.4.- “Non aceptes (de teu pai ou túa nai) un non por resposta”, lle di Jules a J. Estás de acordo con ela?, por que?

#### 8.4. A cultura india/hindú:

- Reflexiona sobre os seguintes aspectos tratados na película
- 4.1.- Os matrimonios concertados e exclusivos entre un indio e unha india. O cerimonial do casamento.
  - 4.2.- O respecto polos maiores e os pais, “hai honra maior que respectar aos teus maiores?”, di a nai de J.
  - 4.3.- **Jes:** As rapazas indias non deben xogar ao fútbol.

**Compañeira:** Iso é moi anticuado, non si?

**Jules:** Sí, mais non é só algo indio, canta xente nos apoia a nós?

#### 8.5. Outras marxinações:

- 5.1.- Como coidas que se senten os indios (J) ou os irlandeses (Joe) en Inglaterra?
- 5.2.- E os homosexuais (Toni) nun mundo maioritariamente heterosexual?

## ACTIVIDADE 9

9.1. Creade un breve relato cos seguinte elementos obrigatorios e Andrómeda:

- UN MONSTRO
- UN HOME
- UNHA MULLER
- UN CABALO

9.2. A continuación, len os seus relatos en voz alta ao grupo. I mos facendo unha selección dos diferentes relatos e cales son os prototipos dominantes. A maioría construírán un relato en que “un home a lombos do seu cabalo salva a unha muller do ataque dun monstro terrible”. Faremos unha clasificación dos tipos de relato que construíron e deterémonos a reflexionar sobre os estereotipos e roles que determinan as accións dos homes e das mulleres dos relatos construídos.

9.3. Busca información sobre o relato mítico clásico de Perseo  
- Observa se coincide cos modelos utilizados polos compañeiros/compañeiras para o relato anterior.  
- ¿cres que influíron estes arquetipos nos estereotipos de

xénero que se dan na sociedade actual?

- Neste tipo de relatos, as características que predominan no personaxes masculinos son a valentía, a acción e a dominación, fronte a uns personaxes femininos que mostran beleza, fragilidade e pasividade. ¿Como se perciben estas caracterizacións? ¿Correspóndense co que vivimos na nosa vida cotiá? ¿Gústanos que se nos mostren estes modelos para nos guiar e cos que identificarnos?.

9.4. ¿Coñeces algún conto ou relatos que estean construídos co modelo deste relato: home/muller/forza ofensivo/ salvación

## ACTIVIDADE 10

Le o seguinte fragmento de “O segundo sexo”, de Simone de Beauvoir, e responde ás cuestións:

«O varón realiza a aprendizaxe dos xogos, da súa existencia, como un libre movemento para o mundo; rivaliza en dureza e independencia cos outros varóns e despreza ás nenas. Cando gabea polas árbores, cando pelexa cos seus amigos ou se enfrenta a eles en xogos violentos, capta o seu corpo como un medio de dominar a natureza e un instrumento de combate; fahendea tanto dos seus músculos coma do seu sexo e, a través dos xogos, deportes, loitas, desafíos, probas, encontra un emprego equilibrado das súas forzas; coñece ao mesmo tempo as leccións severas da violencia, e aprende a recibir os golpes e a desprezar a dor ou as bágoas da primeira idade. Emprende, inventa, atreveuse. Faise ser ao facer, cun só movemento. Na muller, polo contrario, hai desde o principio un conflito entre a súa existencia autónoma e o seu «ser-outro»; ensináronlle que para agradar hai que facerse obxecto, polo cal ten que renunciar á súa autonomía. É tratada como unha boneca vivente á que se lle nega a súa liberdade, co cal que se vai anulando nun círculo vicioso, pois canto menos exerza a súa liberdade para comprender, captar e descubrir o mundo que a rodea, menos recursos encontrará en si mesma e menos se atreverá a afirmarse como suxeito.»

Simone de Beauvoir,  
*O segundo sexo*  
Tomo  
II: 25



Despois de ler o texto, responde de forma individual ás seguintes cuestións:

10.1. Fai un resumo que inclúa as ideas principais do texto.

10.2. Cales son os estereotipos máis característicos e sobresalientes que atribúe aos varóns e cales ás mulleres? Responde isto ao que aprenderas e ao que pensabas?

10.3. A que xogabas cando eras neno/nena? Cales eran os teus xoguetes preferidos? Gustábache ou molestábache xogar con nenas/ nenos? Por que?.

10.4. Fai un catálogo de xoguetes que considerabas propios de nenos ou de nenas e fai unha valoración sobre os valores que transmiten aos nenos e nenas en canto á perpetuación da diferenza entre sexos. Ocorrénseche xogos que poidamos cualificar de válidos para os dous sexos? Tentade buscar algunha xustificación para a existencia de «xogos de rapazas» e de «xogos de rapaces».

10.5. Cando un neno xogaba coas nenas, ou ao contrario, cuestionábaselle algo? Que se dicía deles/elas? Eran rexeitados?

10.6. Escolle cinco anuncios publicitarios de xoguetes e relata en que consisten.

10.7. Escolle cinco anuncios publicitarios ambientados no ámbito doméstico e relata cales son os papeis que se outorgan ás mulleres e nenas fronte aos varóns e nenos.

10.8. Volve ler o texto sobre o que estamos a traballar. Coidas que os diferentes xogos ou xoguetes teñen algunha influencia na maneira de se comportaren rapaces e rapazas na súa vida persoal e no seu futuro profesional? Razoa a resposta.

10.9. Simone de Beauvoir di que o neno “emprende, inventa, atreveuse” As nenas ou as rapazas atrevéense na mesma medida que os rapaces? Argumenta a resposta.

10.10. Anotade as conclusións e expoñédeas a toda a clase, comparando os vosos resultados cos dos demais grupos.



## Actividade 11

### Reportaxe de El País sobre a incorporación das mulleres ao traballo da mina:

"Un brandy popularizou nos anos sesenta un anuncio no que se aseguraba que a mina, como o coñac, "é cousa de homes". Pero xa non o é. "Ser mineiro é un orgullo", di Iluminada Lumi Quiroga. Lumi ten 50 anos e hai 20 que comezou a traballar na mina. Agora está a punto de prexubilarse. Descende dunha familia de mineiros de Carbayín (Siero), unha zona de gran tradición hulleira, a uns 15 quilómetros de Oviedo. Entrou a traballar en Hunosa, a grande empresa estatal do carbón, en decembro de 1986. Foi unha das primeiras mulleres que se incorporou a unha actividade dunha fortísima connotación masculina e que, desde décadas atrás, quedara vedada á presenza feminina. Hoxe, Hunosa, a maior empresa mineira de Asturias, dá emprego a 186 mulleres mineiras (o 5,5% dos seus 3.378 traballadores), das que 104 realizan tarefas no exterior dos depósitos e 82 fano nas profundas galerías. É o maior colectivo de mineiras do país.

"O traballo na mina é moi duro. Traballas nunha total escuridade, a centos de metros de profundidade, en medio do pó, con cambios de temperatura constantes, e facendo labores que esixen moito esforzo e tes que acometer cargando sempre con tres ou catro quilos de peso porque non podes separarte do casco, a lámpada, a batería e o autorrescatador para o caso de que se produza unha fuga de gas grisú", explica Blanca Colorado, de 30 anos, que hai cinco comezou a traballar na oitava planta do pozo Sotón, a 500 metros de profundidade. Agora é responsábel da área de muller e mocidade da Federación Mineiro-Metalúrxica de Comisións de Asturias, o que a converteu na primeira muller mineira sindicalista de España.

Colorado traballaba nunha florería desde os 19 anos, con "un soldo infimo".

A morte de seu pai, tamén mineiro, nun sinistro no pozo Pumarabule deulle prioridade para solicitar un emprego en Hunosa.. No pozo Sotón traballou nun pánzer cargando o carbón que arrincaba o minador. Ano e medio despois, tras un curso de electromecánica, pasou ao exterior para realizar labores da especialidade.

"As mulleres podemos facer os mesmos traballos que os homes. É verdade que hai traballos na mina que, pola súa extrema dureza, non os podemos realizar a maioría das mulleres, pero tampouco son quen de facelos moitos mineiros. E, á inversa, hai operacións nos pozos nas que se necesita máis maña que forza. Pero nada xustifica que nós non poidamos traballar na mina".



Da mesma opinión é Lumi Quiroga. "Ás veces preguntanme como son capaz de traballar na mina. Como se as mulleres fôsemos máis débiles! Pero non o somos". Lumi era modista, estaba casada e era nai dunha filla de seis anos, cando solicitou entrar en Hunosa. O seu home estaba entón en paro e o matrimonio levaba tres anos vivindo da axuda da familia. "Eu, como filla de mineiro, tiña preferencia sobre o meu home. Non me arrepinto de telo feito. Ao contrario, estou moi orgullosa". Quiroga traballou cargando carbón no lavadoiro de Pumarabule e agora é responsábel da lampistería do pozo Candín. A súa principal misión é o control das lámpadas mineiras para detectar con rapidez se algún mineiro non saíu do pozo ao termo da súa quenda e controlar que a explotación estea totalmente baleira cando os artilleiros realizan explosións. Traballa entre as 22.00 e as 6.00 horas. "A lámpada é a vida do mineiro", afirma.

### Dez anos no chollo

Irene Yáñez Alonso, de 30 anos e nai dunha nena de cinco, é a única muller maquinista de extracción. Traballa no pozo Candín e antes foi axudante mineiro, a 600 metros de profundidade. Leva 10 anos na mina. Solicitou traballo en Hunosa cando tiña 18 anos, dous meses despois de perder ao seu pai nun sinistro mineiro. Tardou dous anos en conseguir praza. "Naquel momento non pensei no perigo, senón en encontrar traballo".

"Eu non sei", sinala, "se sería capaz de traballar como picador; pero fixeno empurrando vagonetas, cargando carbón a paladas... e facendo outros traballos de esforzo. Nas minas hai moitísimas funcións e a maioría podémolas facer como os homes". E o medo? "Asúmelo. Claro que sentes medo", explica Colorado. "A mina renxe constantemente e nunca sabes se é porque vai sobrevivir un desprendemento. Vives nun perigo constante".

### Entre a conquista e a amargura

As primeiras incorporacións de mulleres mineiras dentro das explotacións subterráneas producíronse en Xaneiro de 1996. Foi entón cando de verdade se quebrou o mito masculino dun oficio duro e perigoso. Cando Concepción Rodríguez Valencia logrou que o Tribunal Constitucional recoñecese o dereito da muller a traballar dentro da mina, un grupo de mineiros permanecían atrapados nas entrañas do pozo Santa Bárbara. "Para min, a amargura daquel sinistro mesturábase coa alegría de ter feito posíbel unha conquista social", di Rodríguez Valencia, que entón tiña 35 anos e un fillo de 10. "Cando pides emprego na mina é por necesidade. Nunca por gusto". As mulleres que a secundaron tamén consideran a súa entrada na mina como unha conquista social. Lumi non ve motivo para excluír á muller: "Cando eu era pequena, as mulleres non traballaban no interior da mina, aínda que si nos lavadoiros de carbón e en duros labores de exterior. A prohibición era inxusta".

El País, 14/05/2006

Tras ler a reportaxe xornalística, responde ás seguintes cuestións:

11.1. ¿Consideras que a minería é "un traballo de homes"? ¿Hai traballos de homes e traballos de mulleres? Razoa a túa resposta.

11.2. As afirmacións destas mulleres mineiras non deixan lugar a dúbidas sobre a súa opinión respecto á conquista social que supuxo que as mulleres traballasen na mina. ¿Por que cres que isto supuxo unha conquista social? ¿ocórrrense máis profesións ou oficios nos que tradicionalmente estea vetado o acceso ás mulleres? ¿Permiten as Leis españolas a discriminación por razón de sexo no acceso ao emprego? ¿E en Europa?. Busca información a través de Internet sobre os tratados, directivas ou Leis que o regulan e explica brevemente en que consisten.

11.3. Fai un breve texto no que argumentes por que as mulleres poden ser mineiras, maquinistas de tren, condutoras de autobús, etc. e por que os homes poden limpar a casa, coidar aos seus fillos/fillas, coser, etc. e cales son os motivos polos que se manteñen os nesgos de xénero no ámbito laboral e profesional.

11.4. En grupos de 5 ou 6 alumnos/alumnas, prepara un cuestionario para facer entrevistas a mulleres que desenvolven o seu traballo en sectores masculinizados e outro para as facer a homes en sectores máis feminizados.

## ACTIVIDADE 12

Película En tierra de hombres (USA, 2005), da directora neocelandesa Niki Caro, interpretada por Charlize Theron, Frances MacDormand e Sexan Bean.

Sinopse: Cando fracasa o seu matrimonio, Josey Aimes volve ao seu pobo natal no norte de Minnesota en busca dun bo traballo. Nai solteira con dous nenos ao seu cargo, busca traballo na fonte principal de emprego da rexión: as minas de ferro, que proporcionaron o sustento á comunidade durante xeracións. O traballo é duro pero págase ben. É unha industria dominada polos homes desde sempre e é un lugar pouco acostumado aos cambios. Animada pola súa vella amiga Glory, unha das poucas mulleres mineiras do pobo, Josey unese á canteira. Está mentalizada para o perigoso e duro traballo, pero resúltalle imposible de aguantar o acoso que ela e as outras mineiras sofren por parte dos seus compañeiros. Son tempos difíciles e o último que queren os mineiros é ter que competir con mulleres polos poucos empregos que hai, mulleres que segundo eles non deberían estar a conducir camiións nin arrastando pedras...

Responde ás seguintes cuestións:

12.1 Por que Josey marcha do seu domicilio conxugal?

De estares no seu caso, como terías actuado?

12.2 Por que coidas que ela decide traballar na mina cando se vai da casa? Como ve o seu pai esta decisión?

12.3 Como actúa Josey fronte ao acoso ao que se ven sometidas as mulleres que traballan na canteira? Por que serán acosadas? Como se debe actuar ante ao acoso?

12.4 Por que os mineiros non queren que as mulleres traballen na mina?

12.5 Explica porqué, ao final, Josey gaña o xuízo contra a empresa.

12.6 Confecciona unha lista de profesións que se consideren típicas de homes e outra listaxe de profesións consideradas típicas de mulleres. Hai algún motivo obxectivo para que non poidan ocupalas calquera dos dous sexos?

12.7 Realiza unha breve descrición do fillo adolescente e do pai de Josey.



## ACTIVIDADE 13

Le o seguinte fragmento de "O segundo sexo", de Simone de Beauvoir:


*"O enunciado mesmo do problema (que é unha muller?) suxíreme inmediatamente unha primeira resposta. É significativo que mo formule. A un home non se lle ocorrería escribir un libro sobre a situación particular que ocupan os varóns na humanidade. Se me quero definir, estou obrigada a declarar en primeiro lugar: "son unha muller", esta verdade constitúe o fondo sobre o que se debuxará calquera afirmación (...). A relación entre ambos os dous sexos non é a de dúas electricidades, dous polos: o home representa ao mesmo tempo o positivo e o neutro, ata o punto que se di "os homes" para designar aos seres humanos, pois o singular da palabra "vir" se asimilou ao sentido xeral da palabra "homo". A muller aparece como o negativo, de modo que toda determinación se lle imputa como unha limitación, sen reciprocidade. Ás veces sentínme irritada nunha discusión abstracta cando un home me di: "vostede pensa tal cousa porque é muller". Eu sabía que a miña única defensa era contestar: "pénsoo porque é verdade", eliminando así a miña subxectividade; non podía replicar: "e vostede pensa o contrario porque é home", pois dáse por feito que ser home non é unha singularidade; un home está no seu dereito de ser home, a que se equivoca é a muller. "A femia é femia en virtude dunha determinada carencia de calidades" dicía Aristóteles. "Temos que considerar o carácter da muller como naturalmente defectuoso". E Santo Tomás decreta a continuación que a muller é un home "errado", un ser "ocasional".*

*É o que simboliza a historia do Xénese, onde Eva aparece como xurdida (...) dun "óso supernumerario" de Adán. A humanidade é masculina e o home define á muller, non en si, senón en relación con el; a muller non ten consideración de ser autónoma. (...) A muller determínase e diferénciase en relación ao home e non á inversa; ela é o inesencial fronte ao esencial. El é o ser Suxeito, é o Absoluto: ela é a Alteridade. (...) Como comezou toda esta historia? (...) De onde vén que este mundo sempre pertencese aos homes e que só agora comecen a cambiar as cousas? Este cambio é un ben? Levará ou non a un reparto igualitario do mundo entre homes e mulleres? (...) "Todo o que escribiron os homes sobre as mulleres é digno de sospeita, porque son a un tempo xuíz e parte", dixo no século XVIII Poulain de la Barre, feminista pouco coñecido. En todas as partes, en todas as épocas, os varóns proclamaron aos catro ventos a satisfacción que lles produce sentirse reis da creación: "Bendito sexa Deus que me creou segundo a súa vontade". Entre todas as bondades que Platón lle agradecía aos deuses, a primeira era que o creara libre e non escravo; a segunda, home e non muller.»*

Simone de BEAUVOIR, *O segundo sexo*. Ed. Cátedra, Madrid, vol. I, pp. 49-50, p. 56).

e responde ás cuestións:

- 13.1. Despois de leres o texto, extrae as ideas principais.
- 13.2. Feita unha reflexión individual sobre o fragmento, fórmanse grupos de catro ou cinco alumnos e alumnas, preferentemente mistos, que responden ás seguintes cuestións sobre o fragmento:
- 13.3. Que é o específico de ser muller?
- 13.4. Por que usa varón e non home?
- 13.5. A historia da humanidade é a dos homes? Coidas posíbel que se chegue a un reparto igualitario do mundo entre homes e mulleres? Que problemas esenciais consideras que existen para logralo? ¿Poderías ofrecer algunha proposta para emendar a situación?
- 13.6. Que significa "ela é o inesencial fronte ao esencial"?
- 13.7. Que opinas do afirmado por Aristóteles e Santo Tomás?
- 13.8. Busca a historia do Xénese e explica que simboliza. Busca información sobre o mito grego de Pandora e explica a súa relación simbólica co Xénese. Que papel se outorga ás mulleres na orixe da humanidade?
- 13.9. Coñecías a Simone de Beauvoir? Que sabías sobre ela? Busca a súa biografía e escribe de forma individual unha conclusión sobre a importancia e relevancia do seu traballo.



**ACTIVIDADE 14**

**Análise dos estudos universitarios desagregados por sexos en España**

Recentemente, o Ministerio de Igualdade publicou o libro "As mulleres en cifras 1983-2008". Tomando como referencia a análise sobre estudos universitarios en España detallados por sexos que se inclúe neste a obra, obtéñense os seguintes datos:  
Se analizamos os datos de evolución do alumnado universitario, á luz da área de coñecemento dos estudos, comprobamos, en primeiro lugar, un estancamento das matriculacións na área de Humanidades, o que, en termos relativos, supón un retroceso deste tipo de estudos en relación con outros que, como os técnicos, experimentaron un claro incremento.  
Por sexos, vemos que o número de alumnas matriculadas na Universidade se incrementou nun 133%, mentres que o

dos homes fíxoo nun 73%. Especialmente rechamante resulta o incremento de rapazas en estudos de tipo técnico, onde pasaron de ser pouco máis de 13.000 alumnas en 1982, a 100.000 en 2006.  
No citado ano 1982, soamente os estudos de Humanidades e de Ciencias da Saúde tiñan maior participación feminina. Na actualidade, ambos os dous seguen sendo estudos feminizados (de maneira especial os de Ciencias da Saúde, onde as mulleres constitúen nada menos que o 73,75%), mais tamén aparecen claramente feminizados os estudos de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias Experimentais, ficando as carreiras técnicas como único reduto dos estudos masculinizados, xa que, a pesar do progreso feminino nesta área, as mulleres só chegan a supoñer o 27,3%; en 1982, representaban o 12,25%, o que, en todo caso, evidencia un incremento de mulleres nas carreiras técnicas moi relevante.

ALUMNADO UNIVERSITARIO MATRICULADO, SEGUNDO ÁREA DE COÑECEMENTO			
	1982-1983	1994-1995	2006-2007
	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres
Humanidades	.96%	64,93%	62,15%
CC. Sociais e Xurídicas	.90%	59,34%	62,96%
CC. Experimentais	46,82%	51,47%	59,18%
CC. da Saúde	.20%	69,41%	73,75%
Técnicas	.25%	24,47%	27,27%
<b>TOTAL MULLERES:</b>	<b>46,79%</b>	<b>52,52%</b>	<b>54,31%</b>

Fonte: Elaboración propia do ministerio de Igualdade a partir de datos da Estatística do Ensino en España, 1982-83 (INE), e da Estatística do Ensino Superior en España, 1994-2000 e 2006-2007 (INE). Nota: Nos datos non se encontran incluídas as titulacións dobres.



Os datos, segundo o tipo de estudos elixidos, corroboran, dalgún modo, o dito anteriormente. Así, as rapazas constitúen ampla maioría entre o alumnado matriculado en Diplomaturas (70,02%) e Licenciaturas (60,6%), sendo, polo contrario, minoría en Arquitectura e Enxeñarías Técnicas (24,7%) e en Arquitectura e Enxeñarías superiores (30,8%).

Cabe destacar, neste apartado, a grande evolución que se produciu nestas últimas, dado que no curso 1982-1983, as alumnas de Arquitectura e Enxeñaría só representaban o 11,1%, mentres que no curso 2006-2007, constitúen o 30,8%.

Seguramente maior interese reviste a análise pormenorizada da matriculación segundo o sexo, en cada unha das carreiras universitarias. Se ben, neste caso, temos que ter en conta que un estudo evolutivo resulta complicado, por canto moitas das carreiras que se imparten na actualidade non existían na década dos 80.

En calquera caso, comezando pola Arquitectura e Enxeñaría Técnicas, vemos como existen claras diferenzas na participación feminina, entre unhas e outras carreiras. Así, no curso 2006-2007, a matriculación feminina, considerando todas elas globalmente, constituía o 24,69% do total de matrículas, pero na Enxeñaría Técnica de Deseño Industrial constituían nese ano o 46,41% e, na Enxeñaría Técnica Informática de Sistemas, polo contrario, só o 11,91%.

En xeral pode afirmarse que, a pesar de que as mulleres representan unha porcentaxe moi reducida (24,69%) entre quen cursan estudos de Arquitectura e Enxeñaría Técnica, tivo lugar un incremento considerábel desde o curso 1982-1983, xa que, no mesmo, as mulleres só constituían o 10,45% do alumnado destas carreiras. Houbo, así pois, un crecemento de máis de 14 puntos na porcentaxe do alumnado feminino a respecto do total.



**Cuestións:**

- 14.1. Que conclusión tiras do feito de que haxa máis mulleres realizando estudos universitarios hoxe en día? A que opinas que se pode deber? Como explicarías que haxa un 8% máis agora que en 1982?
- 14.2. Por que hai máis rapazas nas carreiras como Dereito, ou nas do ámbito das ciencias humanas, da saúde ou experimentais? Como o explicas? Por que hai menos rapazas nas técnicas?
- 14.3. Que che gustaría estudar? Tés preferencia por algunha carreira que non se encontra entre as tradicionais e típicas do teu sexo? Estás disposto/a a seguir adiante no teu empeño?
- 14.4. Coidas que os rapaces teñen máis capacidade para as carreiras técnicas? A que pensas que se debe o feito de que eles prefiran estas carreiras antes ca outras? A que credes que se debe que as rapazas rexeiten este tipo de estudos? A que se debe que estea aumentando a porcentaxe de rapazas que se inclinan polos estudos técnicos?
- 14.5. Repercute o sexo á hora de escoller a un aspirante nun proceso selectivo para un posto de traballo de enxeñeiro/a de minas? E se o posto é de avogado/a?

**ACTIVIDADE 15**

Completa as seguintes propostas:

- “Se eu puidese e me deixasen, sería...”
- “Os demais, especialmente a miña familia, pensan que serei...”
- “Porén, eu coido que serei...”
- Escribe unha redacción cuxo título sexa “Cando eu teña 30 anos...”

**ACTIVIDADE 16**

Facer un contra-anuncio. En grupos de catro ou cinco. Tomando como exemplo un anuncio televisivo con estereotipos e roles de xéneros marcados, escribe un diálogo no que troquemos os modelos e os seus roles. Se se dispón de medios técnicos suficientes, pódese facer unha representación dramatizada e gravala en vídeo.

